

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERVIZO DE FARMACIA DA ÁREA COMPOSTELÁ PON EN VALOR A INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA COMO PIAR PARA O DESENVOLVEMENTO DA ESPECIALIDADE

- Organiza un curso que se inaugurou hoxe e se estenderá ata o venres 5 de maio
- Exporanse as oportunidades que ofrece a investigación básica traslacional, a medicina personalizada e a investigación clínica independente desenvolvida dende os servizos de farmacia galegos

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2023.- Para promover e fomentar a investigación como piar fundamental dos Servizos de Farmacia galegos, a Unidade de Investigación e Innovación do Servizo de Farmacia da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza organiza dende hoxe e ata este próximo venres 5 de maio, en colaboración co Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), un curso intensivo sobre Investigación Biomédica na Farmacia Hospitalaria que se celebra no Salón de Actos 1 do Hospital Clínico.

En formato presencial e dirixido a residentes e farmacéuticos de hospital, durante este curso que foi inaugurado hoxe pola xerente da área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, Eloína Núñez Masid; a directora do IDIS, María Luz Couce Pico, a xefa de servizo de Farmacia Hospitalaria compostelá, Irene Zara Ferro, e Anxo Fernandez, responsable da unidade de Investigación exporanse as oportunidades que ofrece a investigación básica traslacional, a medicina personalizada e a investigación clínica independente aos servizos de Farmacia Hospitalaria.

A doutora Núñez, na súa intervención, destacou o “carácter dinamizador do servizo” a quen lle agradeceu a entrega e colaboración, que “fai que este servizo sexa enormemente atractivo, e que acolle aos farmacéuticos internos residentes con mellores notas. Porque este hospital ten valores engadidos á asistencia de calidade, como son a docencia e investigación, tres piares nos que tamén se sostén este servizo.

Programa do curso

O curso abordará aspectos de vital importancia como as estratexias necesarias para poder compatibilizar asistencia e investigación desde a residencia ata os programas competitivos Río Hortega e Juan Rodés do Instituto de Salud Carlos III.

Por outro lado, exporase como se creou a unidade de investigación dento dun servizo asistencial, e a súa implicación e liderado tanto na captación de recursos humanos como en fondos para o desenvolvemento de proxectos de investigación no eido da medicina personalizada, investigación traslacional no desenvolvemento de medicamentos, así como na posta en marcha de ensaios clínicos independentes.

Tamén haberá espazo para debater sobre a medicina personalizada e farmacia oncolóxica entre outras cousas. O curso finaliza o venres cun taller sobre difusión e divulgación científica.

Saúdos